

**Asunto: Solicitud de modificación das bases para a provisión dunha praza de técnico/a de normalización lingüística no Concello de Oroso**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

No BOP da Coruña do 13 de xuño de 2017, o Concello de Oroso publicou as **bases e a convocatoria para a selección dun/dunha técnico/a de normalización lingüística e a creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal desta mesma categoría.**

En relación con esta convocatoria, a CTNL, como entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua, quere expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, **valoramos positivamente a convocatoria dunha praza para desenvolver o labor técnico de normalización da lingua desde o Concello de Oroso.**
2. En segundo lugar, tamén felicitamos o Concello de Oroso, entre outras cousas, por incluír nas bases da convocatoria unha **relación detallada de funcións acordadas co que debe ser o traballo dun técnico/a de normalización da lingua.** Así, na base terceira clasifícanse as funcións en **cinco áreas principais que despois se detallan en tarefas máis concretas.** As cinco áreas son: funcións xerais internas, funcións de dinamización lingüística, funcións de formación (socio)lingüística, funcións de asesoramento lingüístico interno e funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e o Concello.
3. Con todo, temos que indicar un aspecto da convocatoria que cumpriría corrixir:
  - Na base novena (sistema de selección) establécese como **segunda proba do proceso selectivo** (suposto práctico) a **tradución dun texto do castelán ao**

Páx. 1 de 2

---

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO**

Praza Isaac Díaz Pardo, núm. 1, Sigüeiro

15888 Oroso

A CORUÑA



**galego.** Porén, unha proba de carácter práctico consistente nunha tradución non se axusta ás funcións detalladas na base terceira da convocatoria, que, como acabamos de dicir, abranguen, entre outras, funcións de dinamización lingüística para mellorar o uso e o prestixio da lingua a través da planificación, xestión, execución e avaliación de accións e programas; de formación (socio)lingüística por medio da planificación, xestión, coordinación e difusión de cursos; ou de asesoramento lingüístico para mellorar a calidade lingüística e comunicativa da institución. É dicir, nesta listaxe detallada de tarefas **non se inclúe a tradución como labor básico nun SNL municipal** e, polo tanto, non é esta tarefa a que debe ser avaliada nun suposto práctico para desenvolver funcións de técnico/a de normalización lingüística nun concello.

En consecuencia, SOLICITO:

Que se modifique a base novena da convocatoria e **que se inclúa como suposto práctico unha proba acorde coas funcións establecidas na base terceira:** funcións xerais internas, funcións de dinamización lingüística, funcións de formación (socio)lingüística, funcións de asesoramento lingüístico interno e funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e o Concello.

Finalmente, se o consideran necesario, desde a CTNL ofrecémoslles apoio e asesoramento para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo.

Pontevedra, 20 de xuño de 2017